

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E VIDA SAUDABLE

No Pazo Provincial, sendo as 12:30 horas do día 21/03/2025, reúnese a Comisión de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, baixo a presidencia de **D^a. M^a SANDRA BASTOS MIGUEZ** e coa asistencia das seguintes deputadas/os: **D. JAVIER TOURIS ROMERO** en substitución de **D^a M^a LUISA SANCHEZ MENDEZ**, **D. RAFAEL DOMINGUEZ ARTIME**, **D. JORGE CUBELA LOPEZ**, **D. RICARDO MARTINEZ CHANTADA**, **D^a M^a PILAR RAMALLO VAZQUEZ**, **D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO**, **D. JESÚS VAZQUEZ ALMUIÑA**, **D^a M^a NAVA CASTRO DOMINGUEZ**, **D^a DIGNA RIVAS GOMEZ**, **D. GREGORIO LUIS AGIS GOMEZ**, **D. PACO FERREIRA GONZALEZ**, **D^a NURIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ**, **D. GORKA GOMEZ DIAZ**, **D. JAVIER IGLESIAS MOUGAN**, **D^a BEATRIZ LOMBA RODRIGUEZ** e **D^a. MARIA ORTEGA IÑARREA**.

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudio dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade, a acta do 21 de febreiro de 2025.

2.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE “SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E ÁS FEDERACÍONS AUTONÓMICAS E ESPAÑOLAS PARA POSIBILITAR A ORGANIZACIÓN DE COMPETICÍONS OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025”.

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as federacións galegas e españolas para posibilitar a organización de competicións ou eventos deportivos que se realicen nesta provincia durante o ano 2025.

O programa está dotado con 550.000,00 euros, sendo 300.000,00 euros para a Liña 1 e 250.000,00 euros para a Liña 2. O prazo de solicitudes rematará o 04 de abril de 2025.

2.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS PARA A “CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA FINANCIAR BENS E SERVIZOS EN CAMPIONATOS OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2025”.

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión das subvencións para financiar bens e servizos en campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra no ano 2025, sendo beneficiarios das mesmas as entidades públicas ou privadas.

O programa está dotado con 120.000,00 euros, que se poderá incrementar en 100.000,00 euros. O importe máximo destas axudas para cada solicitude será de 1.000,00 euros. O prazo de solicitudes rematará o 30 de novembro de 2025.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo ás 12:35 h do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

